

PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE.

Concello de Pontevedra.

2004-2007

1. INTRODUCCIÓN

2. MARCO XURÍDICO

3. ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DA MULLER NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

4. ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PIOM

ÁREA 1.- INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

ÁREA 2.- EDUCACIÓN

ÁREA 3.- FORMACIÓN OCUPACIONAL E EMPREGO.

ÁREA 4.- CORRESPONSABILIDADE NA VIDA FAMILIAR

ÁREA 5.- SAÚDE

ÁREA 6.- PARTICIPACIÓN SOCIAL

ÁREA 7.- INCLUSIÓN SOCIAL

ÁREA 8.- VIOLENCIA

5.- AVALIACIÓN.

1.-INTRODUCCIÓN

A experiencia acadada nestes últimos anos dinos que para que a igualdade de oportunidades sexa efectiva non abonda con articular un marco normativo igualitario (igualdade formal) senón que é imprescindible traballar aquelas actitudes, comportamentos e valores que atrancan a consecución duns niveis de participación política, económica, laboral e social das mulleres, equivalentes aos acadados polos homes (igualdade real).

No Concello de Pontevedra somos conscientes desta realidade, así como da situación privilexiada que se ten desde a Administración local para achegarse á cidadanía e coñecer a súas necesidades.

A eliminación de calquera tipo de desigualdade é unha tarefa prioritaria desde formulacións democráticas polo que a posta en marcha dun Plan de Igualdade de oportunidades nun territorio, no que o 53 % da poboación está constituída por mulleres, convértese nunha necesidade, que non pode máis que servir para lograr uns niveis de satisfacción social máis amplos por parte de toda a cidadanía.

Froito destas consideracións nace o Plan Municipal de Igualdade de Pontevedra como un instrumento de traballo que proporciona un marco de referencia para as distintas accións que en materia de igualdade xa se viñan realizando, e pretende servir como elemento integrador das distintas accións levadas a cabo desde áreas diferentes á de muller.

No proceso de elaboración contouse coa participación das asociacións de mulleres, das vogalías de muller das asociacións de veciños, dos representantes dos sindicatos e dos partidos políticos a través do Consello da Muller, así como de mulleres anónimas que quixeron achegar a súa visión da realidade pontevedresa a través dos distintos foros de muller que se realizaron ao longo de todo o ano.

Seguindo as directrices recomendadas polos organismos competentes en materia de igualdade, a transversalidade de xénero, ou enfoque integrado de xénero, é a estratexia elixida para a posta en práctica do Plan. Consiste en incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas e actuacións, en todos os niveis e en todas as etapas. O seu punto de partida é a crenza de que as políticas non son neutras polo que debe estudarse o impacto que unha determinada medida pode ocasionar en mulleres e homes de xeito que poida reconducirse no caso de que sexa discriminatoria.

A aplicación desta estratexia supón un exercicio de revisión constante das propias actuacións, e contribúe a facer conscientes as normas, os valores e os estereotipos que guían o noso comportamento dun xeito inconsciente, e que dificultan, de feito, a consecución da igualdade.

O Plan estrutúrase en oito áreas de traballo: sensibilización, educación, traballo, corresponsabilidade, saúde, participación, inclusión social e violencia, das que a última aparece diferenciada dun xeito especial. Así, a área que trata sobre violencia pode ser considerada como un plan en si mesma, xa que implica actuacións específicas no resto das áreas e se presenta como a expresión máis evidente da desigualdade na nosa sociedade.

O período de vixencia queda establecido en 3 anos (2005-2007) nos que se irán poñendo en práctica, dun xeito paulatino, as diferentes accións propostas, cun desenvolvemento anual e cos seus respectivos informes de seguimento ao final de cada período.

Este Plan Municipal de Igualdade, pretende ser dinámico, polo que todas as actuacións nel recollidas están abertas á súa modificación en función da avaliación que delas se faga e do peso específico que teñan á hora de servir, ou non, na consecución do obxectivo final: a igualdade real entre mulleres e homes no concello de Pontevedra.

2.- MARCO XURÍDICO:

O recoñecemento da desigualdade obxectiva entre mulleres e homes por parte das distintas administracións públicas, xerou a elaboración dun marco normativo e institucional tendente a eliminar ou paliar dita situación. Este marco pode ser considerado como a primeira ferramenta coa que contamos para por en marcha medidas de igualdade de oportunidades.

Así no ámbito internacional, contamos coas convencións da Organización das Nacións Unidas: Conferencia de Nairobi de 1985 e Conferencia de Beijing de 1995. Esta última supuxo un salto cualitativo xa que a partir dela comézase a considerar que o cambio da situación da muller afecta á sociedade no seu conxunto, propoñéndose por vez primeira a abordaxe das accións dun xeito transversal en todas as políticas que se realicen.

No ámbito comunitario, desenvolvéronse ao longo dos anos distintas normativas dende o Tratado de Amsterdam no que se establecen unhas normas xurídicas máis sólidas e extensas no tocante ás medidas que poden tomarse en materia de igualdade entre homes e mulleres, ata as diferentes estratexias establecidas. Atopámonos neste momento na Estratexia-marco 2001-2005, que pretende establecer un ámbito de acción no que todas as actividades comunitarias poidan contribuír a alcanzar o obxectivo de eliminar as desigualdades e fomentar a igualdade entre homes e mulleres.

No ámbito estatal, desde a Constitución estableceíase no artigo 14 que "todos os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social". ademais, no artigo 9, 2º siñálase que "correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social".

A partir deste marco Constitucional, desenvolvéronse multitude de normas para fomentar a igualdade e erradicar a discriminación tanto no **ámbito civil**, como **penal** (Lei orgánica 11/03 de 29 de setembro, que introduce importantes reformas ao Código penal en materia de violencia doméstica; Lei 27/03 de 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica), **laboral** (Lei 33/2002 de 5 de xullo de modificación do artigo 28 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores que adopta unha definición de retribucións máis acorde coa utilizada na Unión Europea e supón a eliminación de toda discriminación), **seguridade social** (Decreto lei 1/2000 de 14 de xaneiro de mediados de mellora da protección familiar da seguridade social; Real decreto 1251/01 de 16 de novembro polo que se regulan as prestacións económicas do sistema de seguridade social por maternidade, risco durante o embarazo), **emprego, fiscais...** etc. Así como a Lei 39/99 de conciliación da vida familiar e laboral.

No ámbito da comunidade autónoma de Galicia, ademais do IV PIOM 2002-2005 dentro das súas competencias e desenvolvendo o disposto no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981 de 6 de abril do Estatuto de autonomía para Galicia, na defensa da igualdade, elaborou a recente Lei para a igualdade de mulleres e homes /2004, de 16 de xullo, co obxectivo de ampliar o marco legal das políticas autonómicas de igualdade entre mulleres e homes, tanto no relativo aos principios de actuación, como nas actuacións concretas.

No artigo 32 da devandita Lei, establécese o alcance e implicación municipal para colaborar na execución dos plans e programas autonómicos, a través de subvencións e transferencias necesarias: Plan Integral de apoio á familia e aos plans municipais de igualdade.

Nesta liña, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, na resolución de 9 de febreiro de 2004, establece as bases reguladoras do financiamento, entre outros, dos plans de igualdade (art. 19, 3, 21 e).


Este acervo normativo que acabamos de expoñer, xunto coa Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 28, pola que se lles atribúe aos Concellos a realización de actividades complementarias propias doutras administracións, que contribúan a satisfacer as demandas e necesidades dos seus habitantes, incluíndo a promoción da muller, constitúen o marco en que haberá de desenvolverse o primeiro plano municipal de igualdade do Concello de Pontevedra, en resposta a unhas necesidades sociais dinámicas e en continua

evolución que demandan a construción de instrumentos cada vez máis capaces de acadar os obxectivos propostos.

3.- A MULLER EN PONTEVEDRA. DATOS MUNICIPAIS

Distribución da poboación

O Concello de Pontevedra, en xuño de 2004, conta cunha poboación de 79.320 persoas empadroadas, das que un 53%, 41.655 habitantes son mulleres e un 47%, 37.665 habitantes son varóns.



Segundo os datos do censo de poboación e vivendas do ano 2001 observamos que a idade media da poboación en Pontevedra é de 39,3 anos, sendo para os homes 37,4 anos e para as mulleres 41 anos, dada a maior esperanza de vida feminina. Cabe destacar tamén que a poboación de Pontevedra é máis nova que a galega, a media de idade do municipio é tres anos inferior á media galega (idade

media en Galicia, 42,8 anos; sendo a idade media masculina de 41,1 anos e a feminina de 44,4 anos).

Idade en grandes grupos	Varóns	Mulleres	Total
Menos de 16	5917	5600	11517
16-64	25034	26771	51805
65 ou máis	4434	7186	11620
Total	35385	39557	74942

Censo de poboación e vivendas 2001

Como podemos apreciar na táboa o 14% das mulleres pontevedresas eran menores de 16 anos, un 68% atópanse no intervalo de idades de 16 a 64 anos e un 18% eran maiores de 65. Da poboación total maior de 65 anos destaca tamén unha porcentaxe moi elevada de mulleres con respecto aos varóns, un 62% de mulleres fronte a un 38% de varóns.

Familia:

Distribución da poboación por estado civil no municipio:

Solteiros/as	Casados/as	Viúvos/as	Separados/as	Divorciados/as	Total Poboación
33.666	33.973	4.632	1.491	776	77.538

Datos do Censo de poboación e vivendas 2001. IGE

A taxa bruta de nupcialidade (núm. de matrimonios por cada 1000 habitantes) de Pontevedra no ano 2001 era de 5,5 (1,3 puntos por encima da taxa galega). A idade

media do primeiro matrimonio era de 28,3 anos para as mulleres e de 30,2 anos para os varóns. En Pontevedra aínda que casamos máis, atrasamos o primeiro matrimonio con respecto á media galega, en Galicia a idade media do primeiro matrimonio entre os homes é de 29,9 anos e entre as mulleres é de 27,8 anos.

A idade media de maternidade tamén se atrasa con respecto á Comunidade Autónoma: no municipio é de 31 anos, mentres que en Galicia é de 30,6. Aínda atrasando a idade media de maternidade a taxa bruta de natalidade está por encima da galega. No concello de Pontevedra no ano 2001 a taxa bruta de natalidade era de 8,9 mentres que en Galicia era de 7,1. O número medio de fillos/as por muller tamén é lixeiramente superior en Pontevedra con respecto a Galicia, o número medio de fillos da muller pontevedresa é 1,1 fillos por muller; mentres que en Galicia se sitúa en 0,9 fillos por muller. A taxa de fecundidade do municipio é de 32,06 e a taxa bruta de reprodución é de 15,39.

A taxa bruta de mortalidade do municipio é inferior á de natalidade, asegurando deste modo o relevo xeracional; en Galicia en cambio ocorre á inversa. Ademais o índice de envellecemento da poboación pontevedresa no ano 2001 era de 73,1 bastante inferior ao galego que se situaba en 116,3.

Taxas	Galicia	Pontevedra
Taxa bruta natalidade	7,1	8,9
Taxa bruta mortalidade	10,4	8,1

Datos censo 2001 IGE

O índice de envellecemento da poboación pontevedresa no ano 2001 era de 73,1; bastante inferior ao galego que se situaba en 116,3.

Muller e emprego:

Paro rexistrado	Galicia	Concello de Pontevedra
Homes	51.534	1.172
Mulleres	80.504	2.303
Total	132.038	3.475

Ano 2001. Datos facilitados ao IGE polo INEM

Pontevedra	Menores de 25	Maiores de 25	Total
Homes	167	1005	1172
Mulleres	444	1859	2303
Total	611	2864	3475

Ano 2001. Datos facilitados ao IGE polo INEM

No municipio de Pontevedra no ano 2001 un 23,29% das mulleres activas atopábanse no paro fronte a un 10,87% dos varóns activos. A taxa de paro xeral situábase no 15,90%.

Cabe destacar a elevada porcentaxe de paro rexistrada entre as mulleres da cidade. O total de persoas paradas no municipio ascendía a 3.475, das que 2.303 eran mulleres, un 66,27% do total, e delas un 81% eran maiores de 25 anos.

A taxa de paro feminino no municipio no ano 2001 era un 23,29% mentres que na provincia de Pontevedra era un 18,4%. Considérase se cabe máis alarmante se a comparamos coa taxa de paro rexistrada en Galicia para ese ano, que era do 15,6%.

Taxa de Paro	Galicia	Provincia	Concello
2001		Pontevedra	Pontevedra
Homes	7,7	8,2	10,87
Mulleres	15,6	18,4	23,29
Total	11,0	12,6	15,90

Datos IGE 2001

A ocupación rexistrada no municipio no ano 2001 reflite un nivel de ocupación bastante menor entre as mulleres con respecto aos varóns. O total era de 29.886 persoas ocupadas, das que tan só un 41%, é dicir, un total de 12.269, eran mulleres. A taxa de ocupación feminina da cidade era dun 36,4% mentres que a galega se situaba nun 34,3%.

Taxa de ocupación	Homes	Mulleres	Total
2001			

Concello Pontevedra	60,1	36,4	47,4
Galicia	56,8	34,3	45,0
Provincia Pontevedra	58,8	34,9	46,1

Datos IGE 2001

A distribución de persoas ocupadas no municipio por nivel de estudos no ano 2001 é a seguinte:

Nivel de estudos	Varóns	Mulleres	Ambos
Analfabetos/as	19	14	33
Sen estudos	476	288	764
Primeiro grao	2.998	1.448	4.446
Segundo grao	10.362	6.392	16.754
Terceiro grao	3.762	4.127	7.889
Total	17.617	12.269	29.886

Datos municipais IGE 2001

Das persoas ocupadas analfabetas ou sen estudos un 37,9% eran mulleres, mentres que os varóns representaban o 62,10%. En cambio, os datos invértense se tratamos o nivel de ocupación por xénero entre os/as profesionais que posúen un título de estudos superiores, a porcentaxe de mulleres ocupadas con estudos de terceiro grao é superior ao dos varóns, un 52,3% das persoas que posuían estudos superiores eran mulleres fronte a un 47,7% de varóns.

Se analizamos o nivel de ocupación por estado civil, cabe destacar o maior índice de poboación feminina ocupada nos grupos de viúvos/as, separados/as ou divorciados/as; do total de persoas ocupadas nestes grupos a maioría son mulleres, un 65,3%. Ocorre á inversa nos grupos de casados/as e solteiros/as. Da poboación ocupada solteira as mulleres representan un 42,7%; e da poboación casada ocupada as mulleres representaban tan só un 37,7%.

Estado Civil	Mulleres	Varóns
Solteiro/a	4004	5359
Casado/a	7014	11593
Viúvo/a	364	115
Separado/a	557	387
Divorciado/a	330	163

Datos Municipais IGE 2001

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas do municipio de Pontevedra no ano 2001 destaca que do empresariado, ou profesionais que empregan persoal, tan só un 28,8% son mulleres, chegando ao 38,12% se non empregan persoal. Polo que respecta ao traballo por conta allea con carácter fixo ou indefinido as mulleres representaban un 41,37%, e con carácter eventual son mulleres un 43,9%. A porcentaxe de mulleres fronte a varóns tan só é superior na categoría de persoas que están percibindo axuda familiar, das que as mulleres representan un 60,60% do total.

Observando estes datos percíbese unha preocupante situación da muller en referencia ao mundo laboral se comparamos a súa situación respecto aos varóns, isto débese a diferentes causas que van desde as cargas familiares á discriminación da muller no mundo laboral.

Mulleres estranxeiras:

Continente procedencia	Varóns	Mulleres
Europa	95	113
África	117	31
América	311	533
Asia	9	15
Total	532	692

Estranxeiros/as, Censo de Poboación e Vivendas 2001

As mulleres estranxeiras residentes no municipio no ano 2001 representaban un 56,54% do total. Cabe destacar, que delas, un 46% procedían de Colombia. Debemos ter tamén en conta que gran parte desta poboación non se atopa censada debido a que carecen de permiso de residencia. A muller estranxeira residente no municipio caracterízase principalmente por ser unha poboación nova, procedente principalmente de Latinoamérica e que saíu do seu país en busca dunhas condicións de vida mellores. Estas mulleres dedícanse principalmente ao traballo doméstico, acostuman a ter fillos ao seu cargo, aquí ou no seu país de orixe. Polo xeral atópanse con graves problemas na busca de emprego e á hora de regularizaren a súa situación.

Análise dos datos procedentes dalgúns servizos do Concello

Centro de Información e Asesoramento da Muller:

Durante o ano 2003 atendéronse 782 persoas no Centro de Información e Asesoramento da Muller do Concello. Estas persoas realizaron un total de 1.158 consultas, delas 749 foron mulleres e 33 varóns. O perfil das consultantes era o seguinte: mulleres novas, de 26 a 45 anos (62%), de procedencia principalmente urbana, con estudos primarios, que non traballan (72%), casadas (49%) e con alomenos un fillo (63%).

Os servizos deste centro de información divídense en catro áreas principais:

- Área psicolóxica:

Recibíronse 266 consultas ao longo do ano, as principais demandas foron 225 que versaban sobre depresións e ansiedade, 35 sobre malos tratos físicos e 21 sobre malos tratos psicolóxicos.

- Área social:

Nesta área recibíronse 74 consultas ao longo do ano, 66 eran de malos tratos.

- Área laboral:

Recibiu 108 consultas, un 48% das consultantes eran mulleres solteiras de entre 26 e 35 anos.

- Área xurídica:

Recibiu 341 consultas, o 51% destas consultas versaban sobre dereito de familia. As causas que se alegaron con máis frecuencia á hora de solicitar a separación foron: maltrato tanto físico como psicolóxico, alcoholismo, infidelidade ou

problemas de saúde mental. As consultas referidas ao ámbito de dereito penal foron 60, das que 36 corresponden a denuncias por malos tratos.

UAD (Unidade Asistencial de Drogodependencias):

Na UAD do Concello abríronse 120 novos historiais clínicos ao longo do ano 2003, deles o 19,16% foron mulleres. Isto acostuma ser unha constante ao longo dos anos, abríronse ao redor dun 80% de historiais de varóns e un 20% de mulleres.

Plan de Inclusión Social

En materia de inserción laboral, durante o ano 2003 no Plan de Inclusión Social do Concello de Pontevedra o 57% das persoas que atoparon traballo por conta allea eran mulleres de idades comprendidas principalmente entre os 25 e os 44 anos.

Indicadores de orientación:

Tipo de orientación	Homes	Mulleres
Orientación laboral	32	39
Técnicas de busca de emprego	16	27
Asesoramento ao autoemprego e fomento da creación de empresas	0	6
Seguimento	97	93

Deseño de itinerarios	12	43
Formación	6	22
Total	163	230

4.- ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PLAN MUNICIPAL

ÁREA 1.- INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.

.- XUSTIFICACIÓN

Aínda que pareza que a igualdade real está a ser conseguida, aínda existen moitas situacións nas que o feito de ser muller supón un atranco. A orixe desta situación de desigualdade está nos valores, roles e estereotipos en que somos educados. A modificación destes supón que se ten que producir un cambio de actitudes nas persoas. Para isto non basta con informar, senón que é necesaria a experimentación de papeis diferentes e a reflexión profunda sobre os principios de igualdade de oportunidades. A difusión e sensibilización é pois o primeiro paso que debemos dar para crear o clima propicio na sociedade que posibilite traballar logo dun xeito máis estruturado.

.- OBXECTIVO XERAL

Difundir o principio da igualdade de oportunidades e aplicar os criterios da transversalidade e a perspectiva de xénero nas políticas públicas.

.- RESPONSÁBEIS

Área de Muller, Gabinete de Prensa, Departamento de Normalización Lingüística, Departamento de Persoal, Consello da Muller.

.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.1.- Sensibilizar a poboación xeral sobre o principio de igualdade de oportunidades creando a necesidade de definir un novo modelo de relación entre homes e mulleres que non discrimine por razóns de xénero.

.-ACTUACIÓNS

- Elaboración de campañas para a sensibilización da sociedade nos principios da igualdade de oportunidades
- Instauración dun premio no Concello de Pontevedra no que se recoñeza a importancia de traballar a prol da igualdade entre mulleres e homes.
- Creación dun grupo de traballo que visualice o papel que as mulleres tiveron ao longo da historia na nosa cidade.
- Publicitar de xeito especial os servizos e recursos que se prestan á muller así como todas aquelas actividades que teñan interese para as mulleres do concello.
- Inclusión de propostas de nomes de mulleres para nomear as rúas da nosa cidade.
- Inclusión de módulos de igualdade de oportunidades en todos os cursos e actividades que se programen desde o Concello.

1.2- Sensibilizar e asesorar, na medida en que o demanden, os medios de comunicación nos principios de igualdade de oportunidades, de xeito que poidan incluír a perspectiva de xénero en todas as súas actuacións.

ACTUACIÓNS:

- Creación dunha caixa municipal de denuncias contra a publicidade sexista.

- Difusión dun "Decálogo de boas prácticas en materia de igualdade" que os medios de comunicación poidan seguir .
- Recoñecer publicamente o labor daqueles medios de comunicación máis igualitarios e difundir as boas prácticas que realicen en materia de igualdade.

1.3- Sensibilizar a Administración local para que fomente a igualdade de oportunidades e aplique a perspectiva de xénero dun xeito transversal en todas as súas actuacións.

ACTUACIÓNS

- Eliminación dos contidos sexistas da linguaxe administrativa nos documentos do concello.
- Asesoramento á representación sindical do Concello para que inclúan a perspectiva de xénero na elaboración do convenio colectivo.
- Sensibilización dos/as traballadores/as do Concello nos principios de igualdade de oportunidades a través da inclusión de módulos de I.O. na programación dos cursos de formación continua do Concello.
- Asesoramento en perspectiva de xénero a outros servizos do Concello especialmente Educación, Cultura, Xuventude e Emprego.
- Difusión entre o persoal do Concello para que coñezan o Plan de Igualdade e a importancia de por en práctica as distintas actuacións nel recollidas.
- Creación da figura do/a "axente de igualdade de oportunidades" no Concello de xeito que colabore co Departamento da Muller na posta en práctica do Plan Municipal de Igualdade.

ÁREA 2.- EDUCACIÓN.

XUSTIFICACIÓN.-

O sistema educativo é un dos mecanismos que máis contribúe á socialización diferencial de nenos e nenas.

Conseguir que nos centros escolares se incorpore a perspectiva de xénero, de forma que nenas e nenos desenvolvan as súas capacidades en igualdade de condicións, é un dos obxectivos fundamentais deste Plan Municipal de Igualdade.

Pensamos que só desde unha educación non sexista, e verdadeiramente co-educadora, pode producirse o tan ansiado cambio de actitudes na sociedade que posibilite a integración da muller en condicións de igualdade.

OBXECTIVO XERAL.

Promover a través do sistema educativo un cambio nos roles e estereotipos que propician as desigualdades entre mulleres e homes potenciando o desenvolvemento dunha escola coeducativa na que non existan prácticas sexistas.

RESPONSÁBEIS

Área de Muller, Concellaría de Cultura, Concellaría de Educación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.1.- Sensibilización da comunidade educativa no principio da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ACTUACIÓNS

- Colaborar coas asociacións de nais e pais na elaboración de actividades non sexistas.
- Introducir a perspectiva de xénero dentro das escolas de nais/pais que organiza o Concello, incluíndo un módulo de I.O. específico nelas.
- Propiciar a coordinación dos Consellos educativos e de muller.
- Coidar que todas as actividades que se organicen para os nenos e nenas teñan en conta a perspectiva de xénero.
- Velar e asesorar os centros na elección de libros de texto nos que se contemple a perspectiva de xénero.
- Informar ao profesorado daqueles materiais coeducativos que poden utilizar nas súas clases.
- Realizar cursos de formación para o profesorado nos que se traballa na eliminación dos estereotipos sexistas.

ÁREA 3.- FORMACIÓN OCUPACIONAL E TRABALLO

XUSTIFICACIÓN.

A Estratexia marco comunitaria 2001-2005, contempla como área de intervención prioritaria a igualdade na vida económica. Para conseguir esta é imprescindible que a muller se incorpore ao mundo laboral nas mesmas condicións que os homes.

Sen embargo sabemos que isto non se está a producir e que os niveis de paro feminino doblan os masculinos.

Tamén sabemos que se está a producir unha dobre segregación no traballo tanto no nivel horizontal (as mulleres concéntranse nun tipo determinado de

ocupacións) como no vertical (é o chamado teito de cristal, polo cal as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos).

Loitar contra este tipo de discriminacións e posibilitar o acceso da muller ao mundo laboral é un dereito que temos e que recoñece o Concello, aínda que non se teñan competencias específicas en materia de emprego no ámbito municipal.

.- OBXECTIVO XERAL

Favorecer a incorporación laboral das mulleres e loitar contra as discriminacións que se produzan por razóns de xénero.

.- RESPONSÁBEIS.

Axencia de Desenvolvemento Local, Xuventude, Servizos Sociais, Plan de Inclusión, Unidade de Día, Xunta de Persoal.

- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.1.- Favorecer e apoiar a realización de cursos de formación ocupacional para mulleres e de talleres que melloren as súas posibilidades de emprego, potenciando a actuación de aqueles colectivos máis desfavorecidos.

ACTUACIÓNS

- Información sobre a oferta formativa do Concello.
- Información doutros recursos existentes en materia formativa.
- Colaboración con outros organismos na realización de cursos de formación e capacitación laboral de interese para as mulleres.
- Procurar que nos cursos que se programen exista unha presenza equilibrada entre homes e mulleres, especialmente naquela oferta

formativa que se corresponda con profesións nas que a muller está infra-representada.

- Incluir a perspectiva de xénero no xeito de publicitar os cursos, facilitando a participación das mulleres.
- Favorecer dun xeito especial a formación das mulleres do rural atendendo as peculiaridades que poidan xurdir en función dos desprazamentos, datas ou horarios.
- Potenciar a formación técnica e práctica das mulleres do rural e habilitar canles de comercialización de cultivos ecolóxicos; así comofacilitarlles a constitución de empresas.
- Potenciar os programas de formación dirixidos a mulleres en situación de exclusión ou vulnerabilidade social.
- Realización de talleres de formación nas novas tecnoloxías, específicos para mulleres.

3.2.- Combater as discriminacións directas e indirectas que se poidan producir por razón de sexo na área laboral.

ACTUACIÓNS

- Colaborar na defensa dos dereitos das traballadoras naquelas cuestións que se susciten por razón de discriminación de xénero.
- Defensa da igualdade real nos salarios de mulleres e homes por desenvolver os mesmos traballos.

- Realización de campañas de información e concienciación de empregadores/as e facilitamento dos trámites para formalizar un contrato de traballo para as traballadoras do servizo doméstico.
- Formación e tutelaxe inicial de cooperativas de traballo con mulleres que realicen traballo doméstico ou servizos de atención a persoas dependentes.
- Facilitar con campañas e asesoramento a afiliación das mulleres labregas ao REA (Régime Especial Agrario).
- Informar e asesorar sobre as posibilidades de obter os beneficios existentes de carácter laboral e social para aqueles colectivos de mulleres que realizan traballos non recoñecidos.

3.3.- Fomentar e visibilizar a presenza de mulleres en postos directivos así como potenciar o seu acceso ao mundo empresarial.

ACTUACIÓNS

- Visibilizar as mulleres que ocupan postos de dirección nomeándoos en feminino cando nos conste que son ocupados por mulleres.
- Realizar encontros con mulleres que ocupen postos de responsabilidade en diferentes ámbitos para coñecer a súa experiencia, as dificultades que atoparon e as solucións que lles deron.

- Realizar campañas de sensibilización na corresponsabilidade das tarefas de xeito que as chamadas "dobres xornadas" non lles impidan ás mulleres acceder ao exercicio de maiores responsabilidades laborais.
- Informar das medidas de acción positiva que existen actualmente ás mulleres que queiran montar empresas.
- Colaborar con outros organismos para potenciar a creación de empresas de mulleres no rural.

ÁREA 4.- CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR.

XUSTIFICACIÓN.-

Lograr que haxa unha verdadeira corresponsabilidade familiar é o reto ao que a nosa sociedade terá que enfrontarse nos vindeiros anos.

Conciliar a vida familiar e a laboral parecía ser unha tarefa exclusiva das mulleres que se incorporaban ao mundo laboral e as medidas tomadas neste sentido dirixíanse fundamentalmente a elas.

No Concello de Pontevedra apostamos pola incorporación dos homes ás responsabilidades familiares de xeito que o compartir se converta nunha fonte de riqueza e non nunha carga que teñan que asumir unicamente as mulleres.

Non lograremos a verdadeira igualdade se non existe unha distribución dos tempos dedicados ao coidado dos demais, ao ocio e ao traballo, que sexan equilibrados entre todos os membros da unidade familiar.

OBXECTIVO XERAL.-

Concienciar a poboación xeral da necesidade de compartir as responsabilidades familiares e domésticas.

RESPONSÁBEIS.-

Área de Muller, Concellaría de Benestar Social, Concellería de Educación, Concellaría de Xuventude.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.-

4.1.- Contribuír á erradicación dos estereotipos sexistas na asignación de tarefas dentro e fóra da familia.

ACTUACIÓNS

- Realización de talleres dirixidos á poboación moza do noso municipio onde se reflexione e traballe sobre os roles asumidos.

- Realización de cursos de expresión de sentimentos dirixidos a homes.
- Campaña de sensibilización para que os homes coñezan e utilicen a Lei de conciliación da vida familiar e laboral.
- Realización de talleres nos que se presente a corresponsabilidade en termos positivos (de beneficio e non de perda), tanto para homes como para mulleres.
- Potenciación da creación de espazos de relación interpersonal dirixidos a homes.
- Realización cursos mixtos, ou específicos para homes, en tarefas de fogar, coidado de bebés, cociña, economía doméstica, etc.

4.2.- Potenciar a creación, ampliación ou mellora de servizos e recursos sociocomunitarios que faciliten a conciliación da vida familiar e profesional de homes e mulleres.

ACTUACIÓNS

- Demandarlles ás Administracións competentes a creación de servizos que descarguen o traballo da familia nas actividades de atención e coidado de persoas dependentes
- Potenciación da creación de comedores escolares nos centros de ensino.
- Realización de ludotecas infantís con horarios flexíbeis que posibiliten a realización doutras actividades aos pais e ás nais.

ÁREA 5.- SAÚDE.

XUSTIFICACIÓN.-

Entendemos a saúde das mulleres non só como a ausencia de enfermidade senón como algo máis amplo que abrangue o logro do benestar tanto físico como psicolóxico e social durante todo o seu ciclo vital.

Podería parecer que non deberan existir niveis de saúde diferentes entre homes e mulleres por razóns de discriminación de xénero, sen embargo, as desigualdades maniféstanse tamén neste ámbito. Así, cuestións tales como a dependencia económica, os diferentes usos do tempo, a asunción en exclusiva de responsabilidades familiares ou a falta de poder para tomar decisións sobre a súa vida sexual ou a reprodutiva, inflúen directamente nos niveis de benestar social e, polo tanto, de saúde que poden conseguir.

OBXECTIVO XERAL.-

Considerar a saúde das mulleres dun xeito integral, mellorando os aspectos sanitarios e fomentando prácticas que beneficien a súa saúde.

RESPONSÁBEIS.-

Área de Muller, Concellería de Educación, Xuventude, Benestar Social, Concellaría de Sanidade e Servizo de Drogodependencias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.-

5.1.- Promover o benestar físico e psicolóxico das mulleres prestando unha especial atención ao coñecemento das etapas evolutivas e os cambios polos que pode pasar a muller.

ACTUACIÓNS

- Realización de talleres de autoestima, ioga e relaxación para mulleres así como de autocoñecemento e consciencia corporal.
- Realización de talleres para mulleres adolescentes e adultas de xeito que se cree un espazo compartido desde onde coñecer diferentes realidades de muller.
- Realización de talleres de comunicación e manexo do estrés.
- Ofrecer módulos de formación desde a perspectiva de xénero para o persoal sanitario.

- Realización de talleres nos que se aborde a importancia do traballo de coidar: "Coidando ao coidador/a".
- Realización de talleres nos que se aborden cuestións específicas da saúde da muller como a menopausa, a saúde reprodutiva, a lactancia...
- Realización de actividades sobre aquelas enfermidades que afecten especificamente a muller como os diferentes cancros femininos (mama, útero), anorexia e bulimia nerviosas, fibromialxia...
- Realización de talleres nos que se aborden cuestións relacionadas co consumo abusivo de substancias, legais ou ilegais, e a prevención de drogodependencias desde unha perspectiva de xénero.
- Esixir a posta en marcha do Plano de Saúde Integral para a Muller.

5.2.- Promover a posta en marcha de programas de sexualidade saudábel.

ACTUACIÓNS

- Demandar a creación dun centro para a mocidade onde se traten tanto aspectos relacionados coa sexualidade como coa afectividade.
- Ofertarlles aos colexios e aos institutos módulos de formación para o alumnado en educación afectivo-sexual.
- Creación dun seminario permanente de sexualidade e afectividade que traballe desde unha perspectiva de xénero.
- Instaurar unha semana das "liberdades sexuais", en colaboración coas asociacións de mulleres do concello.

ÁREA 6 .- PARTICIPACIÓN SOCIAL.

XUSTIFICACIÓN.-

Nunha sociedade democrática é imprescindible que tanto homes como mulleres poidan participar en igualdade de condicións, polo que desde os poderes públicos débese fomentar que esta participación sexa posíbel e se exercite establecendo medidas de acción positiva que acerquen as mulleres a niveis de participación similares a os dos homes.

OBXECTIVO XERAL.-

Promover a participación das mulleres tanto na vida pública e na toma de decisións como na vida social en todas as esferas.

RESPONSÁBEIS.-

Área de Muller, Xuventude, Participación Cidadá, Concellaría de Deportes, Concellaría de Cultura, Consello da Muller, Promoción Económica.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.-

6.1.- Promover a participación das mulleres en todos os ámbitos a través da creación de diferentes vías de comunicación aos que poidan acceder facilmente

ACTUACIÓNS

- Crear un espazo de referencia onde se recolla a información sobre as actividades realizadas no Concello.
- Promover a participación da muller do rural.
- Recoller e divulgar a información das actividades de muller que realicen as asociacións.
- Potenciar a creación dunha revista municipal das mulleres.
- Potenciar a participación das mulleres nas actividades que se programen desde o Concello (culturais, deportivas, etc), coidando especialmente que non se produzan discriminacións por razón de xénero.

6.2.- Fomentar a creación, dinamización e o mantemento das asociacións de mulleres e das vocalías da muller favorecendo a incorporación da muller á toma de decisións.

ACTUACIÓNS

- Impulsar o Consello da Muller como órgano de participación cidadá e consultivo.
- Realización de cursos de formación en habilidades directivas e capacidade de liderado dirixidos ás asociacións de mulleres e ás vocalías de muller do Concello.
- Impulsar o asociacionismo das mulleres e formadas para que coñezan e apliquen a perspectiva de xénero nas súas actuacións.
- Manter unha liña de subvencións para as asociacións do Concello que traballen desde a perspectiva de xénero.

ÁREA 7.- INCLUSIÓN SOCIAL

XUSTIFICACIÓN

Ningún plan de igualdade de oportunidades dunha sociedade democrática debería deixar de contemplar aqueles sectores da sociedade que teñen maiores dificultades para exercitar os seus dereitos.

O camiño que vai dende a inclusión á exclusión social é un continuo no que todos e todas podemos estar nun momento determinado. Esta afirmación é, se cabe, máis certa cando falamos de mulleres, xa que o só o feito de selo empeza a constituír en si mesmo un factor de vulnerabilidade social.

OBXECTIVO XERAL.

Integrar a perspectiva de xénero en todas as medidas encamiñadas a combater e previr a marxinação e a exclusión social, tendo en conta a realidade actual da feminización da pobreza.

RESPONSÁBEIS

Área de Muller, Servizos Sociais, Plan de Inclusión Social, Servizo de Drogodependencias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

7.1.- Promover o desenvolvemento de programas de atención a mulleres en situacións de especial vulnerabilidade

ACTUACIÓNS

- Informar e asesorar as inmigrantes, especialmente as ilegais, sobre os seus dereitos e os pasos que deben dar para legalizar a súa situación.
- Realización de cursos de formación en idiomas para estranxeiras.
- Coordinación con aquelas entidades que xa están a traballar con mulleres que se dedican á prostitución para coñecer as súas necesidades e contribuír a busca de solucións.
- Creación dunha liña de colaboración con aquelas entidades existentes no concello que estean a traballar con mulleres pertencentes a minorías étnicas.
- Colaboración e coordinación cos servizos de atención a mulleres con drogodependencias.

ÁREA 8 .- VIOLENCIA

.- XUSTIFICACIÓN

A violencia de xénero é a expresión máis brutal da desigualdade á que nos vemos sometidas as mulleres.

Ten diferentes manifestacións: malos tratos físicos, emocionais, sexuais, económicos ou materiais, e sociais

A violencia contra as mulleres non é un asunto do privado (da casa), senón que tamén é un asunto do público, e maniféstase en diferentes ámbitos: doméstico, social, laboral, situacións de conflito (guerras)...

A violencia é un resultado da non equidade muller/home. É unha violencia ideolóxica, e parte da propia estrutura social, é dicir, de principios, valores ou crenzas sexistas que se traducen en roles e pautas de comportamento. É un problema para as mulleres e os homes dunha cultura machista e patriarcal.

Os malos tratos físicos e psíquicos, as violacións e agresións sexuais, a feminización da pobreza, a falta de reparto equitativo nas tarefas domésticas, a negación do dereito a dispor do corpo, o silenzamento, as discriminacións humillacións ou menosprezos que sofren as mulleres, son unha mostra das desigualdades que se viven nesta sociedade.

A erradicación desta violencia conleva o establecemento dunha sociedade verdadeiramente igualitaria que aínda está moi lonxe de conseguirse, polo que ademais das medidas enunciadas ata este momento nas diferentes áreas do Plan, establecemos unha última de xeito diferenciado, na que se potencian as accións

encamiñadas á eliminación e prevención das condutas violentas dirixidas cara ás mulleres

OBXECTIVOS XERAIS

- Dotar dun marco de referencia a todas as actuacións promovidas dende o Concello de Pontevedra dirixidas a lograr a igualdade de oportunidades.
- Impulsar accións de sensibilización e prevención así como novos modelos de relación igualitarios.
- Garantir a asistencia ás mulleres vítimas de malos tratos e posibilitar novamente a súa incorporación á sociedade.
- Acadar a erradicación da violencia de xénero mediante accións de prevención, sensibilización e apoio ás vítimas.

. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Facer visíbeis os estereotipos de xénero e os valores da sociedade patriarcal para así poder deconstruílos e substituílos por outros baseados en modelos igualitarios.
- Asesorar, atender, acompañar, protexer e apoiar as mulleres vítimas de malos tratos.
- Facer o seguimento das actuacións de apoio ás vítimas de violencia.
- Considerar especificamente a aquelas mulleres con maior vulnerabilidade: inmigrantes, mulleres sen teito, minorías étnicas...
- Optimizar e potenciar os mecanismos de prevención e apoio cos que xa conta a cidade de Pontevedra.
- Potenciar o uso dos recursos legais existentes reivindicando as medidas aprobadas no Plan de acción contra a violencia doméstica e nos plans de igualdade vixentes.
- Colaborar na introducción da perspectiva de xénero e da igualdade de oportunidades, dun xeito transversal, nas áreas de ensino-formación e de traballo.

- Desenvolver modelos de actuación unificados por parte de todos os sectores implicados na atención dos malos tratos.

RESPONSÁBEIS

Área de Muller, Educación, Policía Local, Consello da Muller

4. ÁREAS DE ACTUACIÓN.

a. MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- Realización de campañas de sensibilización social contra a violencia de xénero.
- Organización actos de formación na perspectiva de xénero para homes.
- Publicitar adecuadamente os servizos existentes de atención á muller. Editar tarxetas pequenas de fácil manexo nas que figuren os teléfonos de emerxencias, policiais, servizos xurídicos, sociais, psicolóxicos, sanitarios...
- Premiar anualmente aqueles proxectos educativos ou traballos dirixidos á promoción da coeducación e prevención da violencia de xénero desenvolto nos centros educativos do concello de Pontevedra.
- Elaboración dunha guía de recursos municipais e sociais.
- Edición dun manual de axuda para a muller maltratada.

b. MEDIDAS DE ATENCIÓN E APOIO.

- Potenciar os servizos municipais de atención e apoio ás mulleres maltratadas que xa existen no municipio.
- Posta en marcha de puntos de información para mulleres vítimas de violencia, nos que se contemple a aqueles colectivos de mulleres que pola súa situación presenten menores oportunidades de acceder aos servizos existentes: vítimas de prostitución forzosa, ilegais, mulleres sen teito...
- Posta en marcha dun protocolo de acompañamento para a asistencia nos trámites e o soporte persoal das vítimas de malos tratos.
- Creación de grupos de apoio a mulleres maltratadas que funcionen dun xeito permanente.
- Posta en marcha dun programa de asistencia integral individualizada para a inserción laboral das mulleres maltratadas.
- Posta en marcha dun servizo de atención telefónica as 24 horas para a muller vítima de violencia.
- Elaborar programas de fomento da autoestima.
- Dotar de apoio psicolóxico aos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia.
- Colaborar cos organismos que realizan plans de reeducación de maltratadores.
- Priorizar a participación das mulleres vítimas da violencia nos proxectos de formación e emprego desenvolto polos distintos servizos municipais.

c. .MEDIDAS DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN.

- Realización de talleres sobre violencia de xénero con educadores, alumnado, ANPAs...
- Introducir módulos de igualdade de oportunidades en todas as actividades de formación promovidas desde a Área de Muller.
- Organización de xornadas de estudo e debate sobre a violencia de xénero.
- Proporcionarlles formación e asesoramento aos profesionais implicados na atención de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Proporcionarlles aos centros educativos programas eficaces para previr a violencia contra as mulleres.

d. MEDIDAS DE COORDINACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- Promoción da rede de municipios contra os malos tratos.
- Difusión do Plan municipal de igualdade entre os municipios limítrofes.
- Creación dunha comisión local interdepartamental contra a violencia de xénero para a coordinación e homoxeneización de procedementos de atención á vítima.

5.- AVALIACIÓN.

A avaliación do Plan Municipal de Igualdade é unha parte importante deste, xa que é o instrumento que nos permitirá coñecer a validez das accións propostas, así como o grao de cumprimento dos obxectivos formulados.

Nós propoñemos que haxa unha avaliación trala posta en marcha de cada medida concreta, así como unha avaliación anual das accións levadas a cabo.

Tamén se contempla unha avaliación final do grao de cumprimento e da eficacia, da que deriven as conclusións e avances acadados.

Entre os criterios que se poden establecer para dita avaliación, a xeito de indicadores do nivel de cumprimento das accións están:

- Grao de cumprimento das accións propostas.
- Número de participantes nas accións.
- Grao de satisfacción das persoas que participen nas accións.
- Número de actividades e campañas realizadas.
- Presenza nos medios de comunicación.

Pontevedra, 18 de novembro de 2004

A TTE. DE ALCALDE-DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL

Asdo. Margarita Castejón García.